

A OBXECCION AOS GASTOS MILITARES

A obxeccion fiscal supón un acto de desobediencia civil, que consiste en negar-se a pagar ao «Ministério da guerra» a porcentaxe dedicada aos gastos militares dentro dos presupostos xerais do Estado. É unha forma de facer fronte á actitude de conformidade pasiva co modelo de sociedade que nos impoñen e que permite soste este sistema de inxustiza legal.

Apoiamos a obxección fiscal porque os exércitos non defenden o que cremos que hai que defender:


- ~ O dereito a unha vivenda digna
- ~ O dereito ao traballo
- ~ O dereito a unha sanidade gratuita e de calidade
- ~ Os dereitos das minorías
- ~ O dereito á educación
- ~ O dereito a un medio ambiente sano
- ~ O dereito a unha vida digna dos povos non desenrolados

Como se fai?

Podes optar por obxectar unha cuota porcentual, equivalente que o Estado dedica este ano en gastos militares, que é do 5.1% dos impostos totais, ou unha cuota fixa, por exemplo 5000 ptas. Mais importante que a cantidade obxectada e o número de obxectores, pois isto indicar-nos o peso das actitudes activas contra os gastos militares.

No caso da cuota porcentual, calcula-se o 5.1% do apartado denominado «cuota líquida» que aparece coa casilla 90 nos formulários da declaración. Esta cantidade, ou no seu lugar a cuota fixa elixida, terá-se en conta no apartado destinado a deducións, indicando «por obxección fiscal aos gastos militares...». Desta forma, a «Cuota Diferencial» (98) aparecerá reducida nesa cantidade.

A cantidade obxectada deber ser enviada a un proxecto alternativo, da tua elección, tendo que incluír na declaración o



correspondente comprobante. Tamén se pode ser obxector no caso de que a declaración sexa a devolver.

Destinos alternativos

Cada obxector ou obxectora decide o destino do diñeiro que negou ao ministro da guerra. Os grupos de Obxección fiscal propoñen cada ano uns proxectos colectivos, podendo elixir entre eles ou o apoio a calquera organización sen fins de lucro.

◆ **PROXECTO CONTRA O RACISMO.** Iniciativa do colectivo Ecos do Sur de promoción dos traballadores inmigrantes na nosa terra. É o proxecto «Prada da Serra 93» con que o CONRADE quere conseguir a rehabilitación deste e outros povos para dediclos a inmigrantes, refuxiados e esilados que dexesen instalar-se neles.

◆ **PROXECTO DE COLABOURA INTERNACIONAL.** Iniciativa do «Centro pola paz e os dereitos humanos de Osijekó que ten como finalidade o traballo polos dereitos humanos, a liberdade e a paz ante a situación de guerra nos Balcáns.

Para apoiar calquera destes proxectos,

podes ingresar os cartos na libreta que a Asemblea Galega de Obxección Fiscal ten aberta para este fin, indicando o proxecto elixido: Libreta Nº 2091.0101.17.3000507644 da Caixa de Galicia, Oficina Urb. 5 de Lugo.

◆ **LOITA CONTRA A CONTAMINACION ATMOSFERICA E AS INCINERADORAS.** Adega está a traballar durante este ano en campañas contra a contaminación atmosférica (chuvia ácida) causada polas centrais térmicas de As Pontes e Meirama, e contra a instalación de futuras incineradoras de lixo, que non farian senon agravar a situación. Para apoiar estas campañas podes ingresar o diñeiro, indicando «por obxección fiscal», nunha das seguintes contas abertas a nome de Adega:

Caixa Galicia, OP de Santiago, c/c Nº 300 304 11985/2

Caixa Postal, OP de Santiago, c/c Nº 6000.8 16.572.296

Para mais información sobre como facer a «obxección Fiscal» ponte en contacto con Adega (Tfno. 981-570099) ou cos grupos de obxección fiscal (en Santiago: Tfno. 590142). ■